

19.- ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 3 DE MAIO DE 2016.

Alcalde-Presidente:

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO.

Concelleiros:

D^a. KATIA MARGARET PROCINO TOIMIL.

D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO.

D. NICOLÁS MARÍA GONZÁLEZ CASARES.

D^a. CELIA ALONSO CARAMÉS.

D^a. LARA RODRÍGUEZ PEÑA.

D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA.

Secretaria Xeral:

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

Interventora:

D. MARTA OVIEDO CREO.

Ausentes:

D^a. TERESA VARELA FISTEUS.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NÚM. 18/2016 DE 25 DE ABRIL DE 2016.

Acordouse aprobar a acta núm. 18/2016 da sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local de data 25 de abril de 2016 e proceder á súa transcripción ao libro de actas.

2.- DECLARACIÓN DE DISENTIMIENTO E REPOSICIÓN DA LEGALIDADE.

2.1.-Acordouse declarar o disentimento do interesado respecto do procedemento tramitado por mor de presentación da comunicación previa de

obras para a construción dun peche en Maceira, 35 – Lalín, proceder ao arquivo do expediente e Ordenar ao mesmo, á súa custa e no prazo máximo de quince días hábiles, a total demolición das obras obxecto do procedemento de reposición da legalidade, coas advertencias detalladas no citado artigo 209.6 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

3.- EXPEDIENTE DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE.

Quedou pendente para mellor estudo.

4.- EXPEDIENTE DE ORDE DE EXECUCIÓN.

4.1.- Acordouse admitir a trámite o recurso de reposición presentado pola SOCIEDAD DE GESTIÓN DE ACTIVOS PROCEDENTES DE LA REESTRUCTURACIÓN BANCARIA, SOCIEDAD ANÓNIMA (SAREB) contra o acordo de resolución do procedemento de orde de execución con adopción de medidas provisionais respecto do edificio sito na rúa Álvaro Cunqueiro nº13-15 e rúa dos Nardos, nº14 de Lalín, dar traslado do recurso aos outros interesados que constan no expediente, para que, no prazo de quince días hábiles, aleguen canto estimen procedente e suspender a execución do acto administrativo impugnado.

5.- CONVENIOS ADMINISTRATIVOS.

5.1.- Dáse conta do Convenio asinado con data 3 de maio de 2016 de Colaboración entre o Concello de Lalín e Coruñesa de Etiquetas, S.L, para a cesión dun “Porquiño” de exposición e promoción da Feira do Cocido de Lalín.

5.2.- Acordouse aprobar e ratificar a sinatura polo Sr. Alcalde do Convenio entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e o Concello de Lalín para a adquisición de mobiliario para a Biblioteca Municipal de Lalín de data 2 de maio de 2016, que consta de dez cláusulas, asumindo as obrigas e compromisos que nel se recollen.

5.3.- Acordouse aprobar o Convenio de colaboración entre o Concello de Lalín e o Concello de Cabana de Bergantiños para a cesión recíproca do uso de albergues municipais, que consta de sete cláusulas, asumindo as obrigas e compromisos que nel constan e facultar ó Sr. Alcalde para a súa sinatura.

6.- EXPEDIENTE DE EXPROPIACIÓN DE TERREOS ADXACENTES A NOVA BIBLIOTECA: OCUPACIÓN TEMPORAL.

6.1.- Dáse conta do escrito remitido pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda-Xurado de Expropiación de Galicia de data 18 de abril de 2016**, en relación coa tramitación de expedientes no Xurado de Expropiación de Galicia relativos a pezas separadas correspondentes ó proxecto expropiatorio 01527- Ocupación temporal dos terreos adxacentes a antiga Casa Consistorial do Concello de Lalín, no que se produce o acto administrativo seguinte: Acordo de fixación de prezo xusto, achégandose notificacións debidamente rexistradas.

7.- FACTURAS E CONTAS.

7.1.- Acordouse aprobar e declarar de abono a relación de facturas nº 00055 por importe de 10.143,60 €.

8.- PROPOSTAS DOS SRES. CONCELLEIROS DELEGADOS.

8.1.- Acordouse autorizar a transmisión da licenza de taxi número 20.

8.2.- Acordouse traspasar o importe de 14.236,70 € correspondentes ao ingreso neste Concello como consecuencia da recadación en vía executiva das cantidades adeudadas á Xunta de Compensación da Área de Reparto 7.

8.3.- Acordouse traspasar o importe de 483,44 €, correspondentes ao ingreso neste Concello como consecuencia da recaudación en vía executiva pola Deputación de Pontevedra das cantidades adeudadas á concesionaria do Servizo municipal de Augas do Concello de Lalín.

8.4.- Acordou se aprobar a liquidación do prezo público pola prestación de servizos nas instalacións deportivas municipais do Concello de Lalín, en concreto na actividade de cursos de natación escolar por importe de 1.638 € á ANPA Agro de Abaixo do Colexio Xesús Golmar, (dende outubro de 2015 a marzo de 2016) e ó Colexio Sagrado Corazón de Jesús, por importe de 630,50 € (meses de outubro, novembro e decembro de 2015).

8.5.- Vista a proposta do **Sr. Concelleiro Delegado de Benestar Social**, na que expón a Lei 13/2008, de 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia recolle como un dos obxectivos do sistema galego de servizos sociais facilitar

alternativas, recursos e itinerarios de integración social a aquelas persoas que se atopen en situación ou en risco de exclusión social.

O artigo 21 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia recolle entre as prestacións económicas do sistema galego de servizos sociais as axudas de emerxencia e necesidade social.

No mesmo senso o artigo 9.1.d) do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios: programa básico de inserción social que procure valorar, dar resposta ou derivar ao recurso idóneo as persoas en situacións ou risco de exclusión social, aplicando tanto proxectos de intervención social personalizados como prestacións económicas específicas.

O financiamento das axudas de inclusión social efectuarase con cargo á partida 2311.480.00 do orzamento de gastos do presente exercicio.

Acordouse aprobar a concesión de axuda de inclusión social para sufragar gastos de primeira necesidade para á persoa solicitante por importe total de 290 € a aboar ao arrendador da vivenda.

8.6.- Acordouse aprobar a concesión de axuda de inclusión social para sufragar gastos de primeira necesidade para á persoa solicitante por importe total de 260 € a aboar a aboar ao arrendador da vivenda.

8.7.- Vista a proposta do **Sr. Concelleiro Delegado de Benestar Social**, na que expón a Lei 13/2008, de 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia recolle como un dos obxectivos do sistema galego de servizos sociais facilitar alternativas, recursos e itinerarios de integración social a aquelas persoas que se atopen en situación ou en risco de exclusión social.

O artigo 21 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia recolle entre as prestacións económicas do sistema galego de servizos sociais as axudas de emerxencia e necesidade social.

No mesmo senso o artigo 9.1.d) do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios: programa básico de inserción social que procure valorar, dar resposta ou derivar ao recurso idóneo ás persoas en situacións ou risco de exclusión social, aplicando tanto proxectos de intervención social personalizados como prestacións económicas específicas.

O financiamento das axudas de inclusión social efectuarase con cargo á partida 2311.480.00 do orzamento de gastos do presente exercicio.

Acordouse aprobar a concesión de axuda de inclusión social para sufragar gastos de primeira necesidade para á persoa solicitante por importe total de 153,83 € a aboar a Gas Natural SUR.

8.8.- Acordouse aprobar a concesión de axuda de inclusión social para sufragar gastos de primeira necesidade para á persoa solicitante por importe total

de 39,34 € a aboar a Espina y Delfín.

8.9.- Acordouse aprobar a realización do investimento municipal “*REHABILITACIÓN E SANEAMENTO DA RONDA NORTE-ESTE-NORTE (TRAMO AV/ORENSE-EP 6009)*”, acolléndose ás Bases Reguladoras do Plan Provincial de Obras e Servizos 2015, solicitando as subvencións e axudas que figuran no expediente de solicitude, aprobar a Memoria/Proxecto, retribucións e demais documentación do expediente de dita obra e solicitar para a súa realización unha subvención por importe de 299.300,00 €, con cargo ao Plan urxente de mantemento de servizos e infraestruturas municipais 2015, comprometerse ao cumprimento das obrigas e compromisos que figuran en dita disposición, no suposto de obter a subvención e poñer a disposición os terreos precisos para a normal execución das obras, así como as licenzas, autorizacións e concesións administrativas para levalas a cabo.

8.10.- Acordouse a concesión de postos de venda ambulante para os 24 días de feira do ano 2016 e tódolos sábados do ano e a aprobación das altas e liquidacións para o exercicio 2016 pola taxa por instalacións de postos, barracas, casetas de venda, espectáculos, atraccións ou recreo, situados en terreo de uso público municipal, así como industrias na rúa ambulantes e rodaxe cinematográfica, a declaración de zona de dominio público habilitada para a colocación dos postos para a feira dos sábados e a adopción do acordo de NON concesión de 6 postos polo incumprimento do artigo 9 da Ordenanza Fiscal nº 14 e a declaración de zona habilitada para a feira eliminando como zona habilitada a zona do Campo da Feira Novo.

Acordouse tamén conceder unha baixa e proceder a aprobar a anulación da concesión do posto aprobado en Xunta de Goberno do día 15 de febreiro e aprobar unha nova liquidación correspondente aos días de feira dende o 1 de xaneiro ao día do acordo de baixa e conceder a baixa e aprobar a anulación da concesión do posto aprobada en Xunta de Goberno do día 1 de marzo e aprobar unha nova liquidación correspondente aos días de feira dende o 1 de xaneiro ao día do acordo de baixa, e anular a alta e liquidación dun posto que se aprobou por erro a alta e liquidación na Xunta de Goberno do 15 de febreiro cando non procedía, xa que constaba informe do Policía Local no que expoñía que non existe espazo dispoñible.

9.- CORRECCIÓN DE ERROS.

9.1.- Acordouse corrixir o erro no importe en relación á conta xustificativa correspondente ao 1 trimestre do custo salarial imputado ao Convenio de Colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia,

Administracións Públicas e Xustiza, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincial para o desenvolvemento do Plan de Inclusión Dixital no eido da Administración Local, relativo ao recoñecemento da Aula CeMIT, aprobada na sesión de Xunta de Goberno Local de data 25/04/2016.

9.2.- Acordouse corrixir os erros detectados na relación de facturas aprobada na Xunta de Goberno Local de data 11 de abril de 2016, recoñecementos das obrigas a favor das empresas Galp Energía S.A.U e Microdeza Informática S.L.N.E polo concepto de “Gas propano para edificio da aula Uned” por “Gas propano para Galescola” e aplicación presupostaria 920.626.00 por 3321.62702.

10.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

10.1.- Dáse conta do escrito remitido pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio-Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, de data 27 de abril de 2016**, en relación con avaliación ambiental estratéxica do Plan de sectorización da Finca “Zarra da Ventureira”- Concello de Lalín.

10.2.- Acordouse aceptar a cesión por parte da Consellería de Medio Rural ao grupo de emerxencias dos equipos de protección individual destinados á loita fronte a Vespa Velutina e proceder a incorporalos o Inventario Municipal de Bens.

10.3.- Acordouse autorizar a colocación dun stan con información sobre as actividades da Cruz Vermella, o sábado día 7 de maio de 2016 en horario de 11:00 a 14:00 horas na rúa Principal, con motivo do Día Mundial da Cruz Vermella.

10.4.- Acordouse rexeitar e denegar a habilitación dun espazo para aparcamento na Avda. Luís González Taboada detrás da igrexa no lado da Beirarrúa que esta no supermercado Eroski **solicitada polo Sacristán da parroquia de Nosa Sra. das Dores de Lalín** .

10.5.- Acordouse outorgar autorización municipal para organizar a “*XIVª Xuntanza de Motos Veteranas de Deza*”, o vindeiro 12 de xuño de 2016 chegando ás 13:15 horas a Lalín e facendo unha parada na Praza da Igrexa e despois para percorrer varias rúas do Concello de Lalín solicitada por Asociación de Motos Veteranas Deza.

10.6.- Acordouse outorgar autorización municipal temporal para a ocupación da vía pública no entorno da rúa Monte Faro, esquina rúa Xoaquín Loriga para a colocación dunha caseta móbil á empresa R, Cable y Telecomunicaciones Galicia S.A debendo pagar as taxas que se establezan nas ordenanzas fiscais.

10.7.- Acordouse autorizar a empresa Blipvert S.L, a instalación de dous Minipuntos Limpos un na rúa Avda de Luís González Taboada e outro na rúa Matemático Rodríguez, por un período de un ano. Tendo en conta que nas actuais ordenanzas fiscais non se atopa ningún suposto que permita encaixar este tipo de autorizacións nas mesmas, non se efectuará liquidación algunha. A presente autorización concedese coa condición de que a empresa Blipvert S.L se comprometa a ceder o 50 % dos ditos minipuntos limpos ó Concello de Lalín para a súa explotación publicitaria.